



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Bases didácticas da intervención logopédica	Código	652G04008	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	García Cabeza, Belen	Correo electrónico	belen.garcia.cabeza@udc.es	
Profesorado	García Cabeza, Belen	Correo electrónico	belen.garcia.cabeza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da intervención logopédica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición de coñecementos epistemolóxico da pedagogía e a didáctica que sustenta a intervención educativa, así como do desenvolvemento de prácticas baseadas no uso de recursos didácticos para construír una intervención logopédica informada e comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe a favor da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo.</p> <p>Ao mesmo tempo quérese afondar na importancia do traballo colaborativo interprofesional, no que participan profesionais e axentes que desenvolven o seu quefacer dentro e/ou fóra da escola. Teñamos en conta que a complexidade de moitos dos problemas que presenta o alumnado arráiganse ou enrédanse nunha causística múltiple que esixe unha intervención globalizada, na que teñen que participar distintos profesionais, que deben traballar en cooperación para dar maior cobertura ás necesidades reais, que incluso chegando o traballo non so ó alumnado senón tamén á familia, sen solaparse, empregando metodoloxías que non sexan contraditorias entre si, evitando deste xeito distorsións na propia percepción do alumnado e favorecendo unha aprendizaxe significativa e útil na súa vida cotiá.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da escola, da cultura e da sociedade; dos indicadores educativos para atender á diversidade na aula; de propostas didácticas na intervención logopédica e proxectos de traballo orientados á intervención educativa nas necesidades específicas de apoio educativo.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender o carácter interrelacional da intervención logopédica no marco do sistema educativo segundo a súa estrutura e funcionamento.	A16 A25 A29	B15	C4
Coñecer e manexar críticamente as principais cuestións pedagóxicas e recursos didácticos que permitan desenvolver unha intervención logopédica informada dende unha perspectiva educativa holística e ecolóxica, comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe e do potencial comunicativo de todos/as e cada un/ha dos destinatarios/as da súa labor.	A4 A22 A23 A28	B1 B4 B7 B9 B12	C3 C6
Adquirir unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos.	A4	B1 B3	
Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que caracteriza as aulas educativas.	A4 A16	B3	



Asumir a importancia dunha profesionalidade adecuada ó ámbito logopédico no contexto escolar, valorando a importancia da investigación como ferramenta imprescindible para o coñecemento.	A29 A30	B3 B11 B14	C7
Apreciar as implicacións do desenvolvemento logopédico a nivel individual e colectivo das persoas con necesidades específicas de apoio educativo.	A29	B3 B22 B23 B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. Escola, cultura e sociedade.	1.1. Ensinanza obrigatoria: perspectivas educativa e social. 1.2. Interrelacións entre sociedade, cultura e escolarización. 1.3. Propostas actuais da relación educativa entre cultura e interculturalidade. 1.4. A escola como camiño de igualdade e inclusión social. 1.5. Diversidade socio-cultural e propostas educativas. 1.6. Estrutura e desenvolvemento da escola como organización. 1.7. Outras institucións e profesionais que colaboran coa escola.
MÓDULO II. Indicadores educativos para atender á diversidade na aula.	2.1. Modelos educativos de aula facilitadores da diversidade. 2.2. O traballo cooperativo como paradigma de integración. 2.3. A xestión eficaz da aula en contextos de inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 2.4. Plans de traballo personalizados e integrados.
MÓDULO III. Propostas didácticas na intervención logopédica.	3.1. Ámbitos de actuación dos profesionais da Logopedia no sistema educativo. 3.2. O traballo colaborativo dos equipos interprofesionais como elementos esenciais para a busca de respostas integrais ás demandas alumnado con NEAE e das súas familias. 3.3. A repercusión das decisións tomadas nos diferentes niveis de concreción na práctica logopédica na escola. O traballo coordinado entre os profesionais da Logopedia e da Audición e Linguaxe. 3.4. Os diferentes compoñentes del curriculum e a función das adaptacións curriculares no ámbito logopédico. 3.5. Tipos de medidas de atención ás necesidades logopédicas. 3.6. Procesos avaliatiros das alternativas didáctico-logopédicas.
MÓDULO IV. Proxectos de traballo en torno ás necesidades específicas de apoio educativo.	4.1. Exemplos de proxectos educativos na intervención educativa. 4.2. Elaboración de propostas educativas con atención específica ás necesidades educativas específicas do alumnado. 4.3. A conceptualización da calidade educativa nas propostas de intervención.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A16 A22 A23 A25 A28 A29 A30 B1 B3 B4 B14 C7	21	28	49
Traballos tutelados	B1 B4 B7 B9 B12 B22 B23 B24 C3 C6	10	40	50
Discusión dirixida	A16 A25 A29 A30 B1 B3 B4 B7 B9 B12 B22 B23	10	21	31



Proba mixta	A4 A16 A22 A23 A25 A28 A29 A30 B1 B3 B7 B9 B11 B15 C4 C6	2	16	18
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Nas sesións maxistrais traballarase os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Traballos tutelados	<p>Ao longo do cuadrimestre proporase un traballo en torno ao contido do temario que deberá fundamentarse coa bibliografía básica e complementaria da guía e con outra seleccionada polo profesorado e/ou polo estudantado.</p> <p>A súa realización iniciarase na aula e completarse mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións proporcionadas a través da atención personalizada da profesora.</p> <p>A través da exposición na aula e da plataforma Moodke, compartiranse os traballos realizados.</p>
Discusión dirixida	<p>Mediante esta metodoloxía abordaranse diversos temas orientados a que o alumando reflexione sobre cuestións clave da materia co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade da intervención logopédica no ámbito educativo.</p> <p>Valorarase a aportación oral individual do alumnado para o enriquecemento da materia así como a participación en pequenas actividades en pequeno grupo que implicarán a posta en común e a posterior elaboración de sínteses escritas.</p>
Proba mixta	<p>A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos tratados mediante as diferentes metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento da materia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Discusión dirixida Traballos tutelados	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións expositivas e interactivas, lecturas, actividades, realización da proposta de intervención e preparación do exame, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de tutorías fixado de forma oficial.</li> <li>2. De maneira máis específica, e no marco das sesións interactivas, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación das actividades que se realicen ao longo do cuadrimestre.</li> <li>3. Como a realización da proposta de intervención é unha actividade principal na materia e ten un peso importante na avaliación desta, para a súa realización e correcto seguimento, cada grupo (ou alumno/a, de o realizar de maneira individual) deberá obrigatoriamente solicitar unha tutoría, fóra do horario de docencia presencial da materia.</li> <li>4. Esta proposta de atención personalizada é extensible ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa.</li> <li>5. Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación serán os mesmos que os propostos para a 1ª convocatoria.</li> </ol>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Discusión dirixida	A16 A25 A29 A30 B1 B3 B4 B7 B9 B12 B22 B23	Na avaliación deste aspecto terase en conta o nivel de participación do alumnado nos debates desenvolto na aula ou vía moodle, con especial atención en tres tarefas: - argumentación individual oral en grupo-clase; - postas en común en pequeno grupo; - síntese escrita das conclusións obtidas en pequeno grupo e grupo-clase.	10
Traballos tutelados	B1 B4 B7 B9 B12 B22 B23 B24 C3 C6	Para avaliar o traballo teranse en conta os seguintes aspectos:  ELABORACIÓN - estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical; - contido: comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre e relacións entre eles.  EXPOSICIÓN - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva.	40
Proba mixta	A4 A16 A22 A23 A25 A28 A29 A30 B1 B3 B7 B9 B11 B15 C4 C6	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.	50

### Observacións avaliación

En aplicación da "Norma que regula el régimen de dedicación al estudio de los estudiantes de grado en la UDC " (aprobada en Consello de Goberno de 29 de maio de 2012), o alumnado ao que se lle teña recoñecida a condición de estudante a tempo parcial e teña solicitado á Decana a correspondente dispensa académica, quedará eximido da obrigatoriedade de asistencia á parte das sesións; non obstante, este alumnado deberá entregar e presentar os correspondentes traballos de modo individual antes da data establecida para a realización do exame da materia. Aquel alumnado que avanzada a materia supere o límite de faltas permitido, deberá realizar -e de ser o caso, expoñer- o traballo tutelado e os escritos derivados das discusións dirixidas, de modo individual. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados, discusión dirixida e proba mixta). O traballo tutelado (proposta de intervención logopédica) entregárase e expoñerárase na data que se indique. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentados o traballo tutelado e os escritos derivados das discusións dirixidas. É obrigatoria a participación no proceso de asignación inicial de casos para a elaboración do traballo tutelado; esta terá lugar nas primeiras semanas de docencia da materia.

### Fontes de información

Bibliografía básica



## Bibliografía complementaria

Acosta, V.M. (2004). Las prácticas educativas ante las dificultades del lenguaje. Una propuesta desde la acción. La colaboración entre logopedas, psicopedagogos, profesores y padres. Barcelona: Ars Medica.

Acosta, V. M. e Moreno, A. M<sup>a</sup>. (2003). Dificultades del lenguaje, colaboración e inclusión educativa. Manual para logopedas, psicopedagogos y profesores. Barcelona: Ars Medica.

Ainscow, M. (2001). Desarrollo de escuelas inclusivas. Madrid: Narcea.

Ariza, M. A. e Trujillo, F. (2006). Experiencias educativas en aprendizaje cooperativo. Granada: Grupo Editorial Universitario.

Barton, L. (1998). Discapacidad y sociedad. Madrid: Morata.

Castro, M<sup>a</sup> M; Zapico, H. e Rodríguez, J. (2007). Experiencias de trabajo entre escuela y comunidad en el contexto gallego. En M<sup>a</sup>. M. Castro; G. Ferrer; M.F. Majado; J. Rodríguez; J. Vera; M. Zafra e M<sup>a</sup> H. Zapico. La escuela en la comunidad: la comunidad en la escuela (pp. 139-177). Barcelona: Graó.

Echeita, G. (2007). Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Madrid: Narcea.

Gallardo, J. R. e Gallego, José L. (2003). Manual de logopedia escolar. Un enfoque práctico. Málaga: Aljibe.

García, C. (1998). Una escuela común para niños diferentes: la integración escolar. Barcelona: EUB.

Iglesias, M<sup>a</sup> J. e Sánchez, M<sup>a</sup> del C. (2007). Diagnóstico e intervención didáctica del lenguaje escolar. A Coruña: Netbiblotza.

M. (2002). Recursos tecnológicos en Logopedia. Málaga: Aljibe.

Moya, A. (2002). El profesorado de apoyo: ¿dónde?, ¿cuándo?, ¿cómo?...realiza su trabajo. Archidona: Ediciones Aljibe.

Parrilla, Á. (2003). La Respuesta Educativa a la Diversidad. Bases Pedagógicas de la Educación Especial: Manual para la Formación Inicial del Profesorado. Madrid: Biblioteca Nueva.

Pino, F. R. (2007). La cultura de las personas sordas. Conferencia signada no Observatori d'Ètica Aplicada a la Intervenció Social dentro dp Seminario Els Atres Prenen la Paraula. Consultado a 26/06/2015 en <http://www.cultura-sorda.eu/resources/La+cultura+de+las+personas+sordas+Felisa+R.pdf>

Porras, R. (1998). Una escuela para la integración educativa: una alternativa al modelo tradicional. Sevilla: Morón.

Stainback, S. e Stainback, W. (2001). Aulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo . Madrid: Narcea.

WEBGRAFÍA (DATA DE CONSULTA: 28/06/2016)

Portal da Asociación Española de Logopedia, Foniatría y Audiología: <http://www.aelfa.org>

Portal da Asociación de Logopedas de España: [http://ale-logopedas.org/Portal ?Atención á Diversidade? da Xunta de Galicia: \[http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacionPortal ?Cultura Sorda?:\]\(http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacionPortal%20Cultura%20Sorda%20?\)](http://ale-logopedas.org/Portal%20Atenci3n%20a%20Diversidade%20da%20Xunta%20de%20Galicia)

[http://www.cultura-sorda.eu/Portal do Foro de Vida Independiente y Divertad:](http://www.cultura-sorda.eu/Portal%20do%20Foro%20de%20Vida%20Independiente%20e%20Divertad%20?)

[http://www.forovidaindependiente.org/Portal de ?El logopeda sin recursos?:](http://www.forovidaindependiente.org/Portal%20de%20El%20logopeda%20sin%20recursos%20?)

[http://www.logopedasinrecursos.org/Portal de Orientación Educativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte \(MECD\): \[http://ntic.educacion.es/w3/recursos2/orientacion/LEXISLACIÓN\]\(http://ntic.educacion.es/w3/recursos2/orientacion/LEXISLACION\) \(DATA DE CONSULTA: 28/06/2016\)](http://www.logopedasinrecursos.org/Portal%20de%20Orientaci3n%20Educativa%20do%20Ministerio%20de%20Educaci3n%20Cultura%20e%20Deporte%20(MECD))

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE, suplemento en lingua galega ao número 295, de 10 de decembro de 2013)

[http://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf](http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf)

Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (DOG nº 135, de 13 de xullo de 2006)

[http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3\\_2006.pdf](http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3_2006.pdf)

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE suplemento en lingua galega nº 6, de 4 de maio de 2006)

[http://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2006/05/15/pdfs/A00931-00978.pdf](http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2006/05/15/pdfs/A00931-00978.pdf)

Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias (artigos II e VII sobre o establecemento da Logopedia como profesión e as súas funcións) (BOE, suplemento en lingua galega nº 14, de 24 de novembro de 2003)

[http://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2003/11/24/pdfs/A02536-02551.pdf](http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2003/11/24/pdfs/A02536-02551.pdf)

Real Decreto 334/1985, de 6 de marzo, de Ordenación de la Educación Especial (BOE nº 65, de 16 de marzo de 1985)

<http://ouad.unizar.es/documents/RealDecreto3341985de6demarzoDeOrdenaciondeLaEducacionEspecial..pdf>

Real Decreto 299/1996, de 28 de febreiro, de ordenación de las acciones dirigidas a la compensación de desigualdades en educación (BOE nº 62, de 12 de marzo de 1996)

<http://www.boe.es/boe/dias/1996/03/12/pdfs/A09902-09909.pdf>

Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (DOG nº 153, de 6 de agosto de 1996)

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19960806/Anuncio8E56\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19960806/Anuncio8E56_gl.html)

Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 79, de 27 de abril de 1998)

<http://www.xunta.es/Dog/Dog1998.nsf/FichaContenido/B17a?OpenDocument>

Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral (DOG nº 213, de 7 de novembro de 1995)

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/1995/19951107/Anuncio58F2\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/1995/19951107/Anuncio58F2_gl.html)

Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de



escolarización (DOG nº 247, de 19 de decembro de 1996)[http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961219/AnuncioC9A2\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961219/AnuncioC9A2_gl.html) Orde do 19 de maio de 1997 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG nº 108, de 6 de xuño de 1997) [http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970606/Anuncio717E\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970606/Anuncio717E_gl.html) Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG nº 148, de 31 de xullo de 1998)[http://www.xunta.es/dog/Publicados/1998/19980731/Anuncio107CA\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/1998/19980731/Anuncio107CA_gl.html) Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG nº 20, do 30 de xaneiro de 2003)[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2003/20030130/Anuncio3CD6\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2003/20030130/Anuncio3CD6_gl.html)



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Inclusión educativa e adaptación do currículo/652G04011
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías